

**Madrygal.** Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62595>EDICIONES  
COMPLUTENSE

## Noriega Varela e a lingua portuguesa a partir da súa correspondencia con Teixeira de Pascoaes

Xosé Ramón Freixeiro Mato<sup>1</sup>

Recibido: 27 de xaneiro de 2018 / Aceptado: 11 de outubro de 2018

**Resumo.** Este traballo parte da distribución funcional de usos da lingua galega e da española en Noriega Varela, a primeira como lingua literaria e a segunda como idioma da súa relación epistolar, para a seguir se centrar na relación do poeta galego cos escritores portugueses e, de modo especial, con Teixeira de Pascoaes. Porase en contraste o emprego do castelán nas cartas que dirixe a este co dominio que demostra posuír do portugués nelas, para finalmente concluir que tal uso obedece a razóns ideolóxicas.

**Palabras chave:** Noriega Varela; Teixeira de Pascoaes; portugués; galego; español; correspondencia.

### [es] Noriega Varela y la lengua portuguesa a partir de su correspondencia con Teixeira de Pascoaes

**Resumen.** Este trabajo parte de la distribución funcional de usos de la lengua gallega y de la española en Noriega Varela, la primera como lengua literaria y la segunda como lengua de su relación epistolar, para a continuación centrarse en la relación del poeta gallego con los escritores portugueses y, de modo especial, con Teixeira de Pascoaes. Se pondrá en contraste el uso del castellano en las cartas que dirige a este con el dominio que demuestra poseer del portugués en ellas, para finalmente concluir que tal uso obedece a razones ideológicas.

**Palabras clave:** Noriega Varela; Teixeira de Pascoaes; portugués; gallego; español; correspondencia.

### [en] Noriega Varela and the Portuguese Language from his Correspondence with Teixeira de Pascoaes

**Abstract.** This work begins with the functional distribution of Galician and Spanish uses in the work by Noriega Varela, dealing firstly with his literary language and secondly with the language of his correspondence. Its next section approaches the relation of the Galician poet with Portuguese writers, especially with Teixeira de Pascoaes. Finally, the use of Castilian in letters to him will be analysed taking into account his proficient knowledge of Portuguese, finally concluding that such use obeys to ideological reasons.

**Keywords:** Noriega Varela; Teixeira de Pascoaes; Portuguese; Galician; Spanish; Correspondence.

**Sumario.** 1. Introducción. 1.1. O galego na década de 20 da anterior centuria. 1.2. O debate sobre a forma escrita do galego na altura. 1.3. As diferenzas na codificación das linguas en causa. 1.4. O modelo lingüístico do poeta mindoniense. 2. As linguas de Noriega Varela. 3. Noriega Varela e Portugal. 3.1. O seu recoñecemento alén Miño. 3.2. A íntima relación con Teixeira de Pascoaes. 3.3. A escasa influencia do portugués na lingua literaria de Noriega. 4. A competencia de Noriega en portugués. 5. Conclusión. 6. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Freixeiro Mato, X. R. (2018): "Noriega Varela e a lingua portuguesa a través da súa correspondencia con Teixeira de Pascoaes", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 93-108.

<sup>1</sup> Universidade da Coruña, Departamento de Letras - Grupo ILLA.  
Correo-e: freixei@udc.gal

## 1. Introducción

Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Viveiro, 1947) foi un dos escritores galegos do seu tempo máis coñecidos e admirados en Portugal; e niso tamén tivo un papel relevante a súa íntima relación con Teixeira de Pascoaes, e igualmente con outros autores lusos, a partir da súa estada como mestre en Trasalva no período que vai de 1913 a 1926. Entre a correspondencia que se conseguiu recompilar na edición da obra completa do poeta da montaña (*OC* II, 365-475) hai 13 cartas del ao autor de Amarante, dúas a Raul Brandão e outras dúas a João Verde; tamén hai dúas de Teixeira a Noriega, a que se acrecentan outras tres en Freixeiro Mato (1994), e unha de Vaz Passos; mais sabemos que existiron moitas máis, aínda que non se conserven ou non se conseguise acceder a elas. En todos os casos Noriega, poeta practicamente monolingüe en lingua galega, utiliza o español para se dirixir epistolarmente aos autores portugueses, se ben que non faltan ocasionalmente algunhas palabras ou expresións en portugués; os escritores de Portugal, por súa parte, utilizan sempre a lingua lusa para se dirixiren por carta a Noriega. Por tanto, galego, español e portugués están dalgún modo presentes na vida e na obra do poeta da montaña, mais con funcións ben diferenciadas.

Unha cuestión previa que convén termos en consideración antes de tratarmos do uso desas tres linguas por parte de Noriega é a proximidade lingüística entre eses romances peninsulares e a rivalidade entre eles. Deixando de lado a tese de Roger Wright (1991) sobre a existencia de unha única lingua escrita na Alta Idade Media, con estilos diferentes, é xeralmente admitido que galego e portugués constituían unha unidade lingüística no período medieval, a cal os eruditos contemporáneos acabaron por denominar galego-portugués, mais tamén é evidente que portugués e castelán estaban máis próximos en finais do período medieval do que na actualidade. Inclusive existen testemuños da época que os consideran variantes dunha mesma lingua e outros que xulgan o castelán como o rexistro elevado ou culto do portugués falado e o *evil twin* de que debía diferenciarse para reivindicar a súa existencia propia (García Martín 2008: 34). Lázaro Carreter (1947) invoca neste sentido a opinión de Amado Alonso de na Idade Media existir un sentimento dominante de portugués e castelán constituíren dúas variedades dunha mesma lingua e refírese ao feito de no período da monarquía dual os principais poetas portugueses

non sentiren escrúpulos en adoptar o castelán como lingua literaria. Tamén afirma que foron as guerras peninsulares as que viñeron a romper ese sentimento de unidade e as “cálidas relaciones” existentes, facendo que Portugal convertese o seu idioma en máis un símbolo da súa independencia, de modo que, unha vez consolidada a oposición lingüística entre castelán e portugués “como resultado del enfrentamiento de los intereses políticos”, esta chega até ao século XVIII, onde entra en xogo un terceiro elemento: “se discute el papel del gallego” (Lázaro Carreter 1947: 141-142).

O tema das relacións entre as linguas galega, portuguesa e castelá xa tiña atraído a atención do Padre Feijóo, que se ocupou desta cuestión no tomo primeiro do seu *Theatro crítico* ao tratar do “Paralelo de las Lenguas Castellana y Francesa”. Na sección sexta do discurso XV (reproducido facsimilarmente en Verdelho 2000: 773-789) Feijóo apóiase no P. Atanasio Kircher para acrecentar o portugués entre as linguas romances, que na altura os estudiosos reducían ao francés, español e italiano. Mais acrecenta que no portugués “se debe incluir la Lengua Gallega, como en realidad indistinta de la Portuguesa, por ser poquissimas las voces en que discrepan”. Explicita a seguir Feijóo que a “Lengua Lusitana, ò Gallega” é un dialecto da latina e non subdialecto ou corrupción da castelá, como se quería facer crer na altura; é, por tanto, unha lingua neolatina en igualdade de condicións co francés, italiano ou castelán, mais gardando unha maior proximidade ou “parentesco” co latín do que esta última. Estabelecido este principio, dedica o frade bieito un “Corolario” a tratar das relacións entre galego e portugués, onde comeza por ratificar “que el Idioma Lusitano, y el Gallego son uno mismo” (*Ibid.* 785-788), idea partillada polo Padre Sarmiento. Eis, pois, os máximos representantes da Ilustración setecentista, galegos de nación e defensores da primacía histórica da Galiza sobre Portugal, a recoñeceren a identidade lingüística galego-portuguesa, que no período oitocentista e novecentista terá outros valedores como Murguía, Castelao, Vilar Ponte ou Carvalho Calero, vultos principais da cultura galega que son representantes máximos do pensamento nacionalista. Por tanto, hai unha corrente histórica galeguista que asocia a identidade galega á unidade lingüística galego-portuguesa, aínda que xurdirán outras voces dentro do galeguismo político que obviantal unidade, en canto algunhas personalidades politicamente desvinculadas do movemento

nacionalista ou galeguista, en xeral, a negan e prefiren situar o galego, dun modo ou doutro, máis ben na órbita do castelán e sociolingüísticamente subordinado a el. Este sería o caso de Noriega Varela.

A cuestión é que cando termina o período medieval Antonio de Nebrija publica a *Gramática de la lengua castellana* (1492), ao tempo que en 1536 e 1540, respectivamente, Fernão de Oliveira e João de Barros tiran do prelo as súas obras *Grammatica da lingoagem portuguesa* e *Grammatica da lingua portuguesa*, con título e contidos que ocultan a raíz galega do idioma, de modo que nos primordios da Idade Moderna emerxen dous códigos lingüísticos romances diferenciados, castelán e portugués, en canto o galego, isolado política e socialmente do segundo e sometido ao dominio do primeiro, aínda terá de durmir un longo sono de silencio na escrita e de ausencia de calquera tentativa codificadora até que no período oitocentista se produza o Rexurdimento literario e aparezan as primeiras gramáticas, que serán só da variedade lingüística galega e que estarán escritas en castelán e subordinadas a el nos contidos, isto é, terán un carácter diglósico que é dominante na tradición gramatical galega (Sánchez Rei 2005). En fin, cando Noriega comeza a súa carreira literaria a finais do século XIX e a consolida no primeiro terzo do XX xa hai plena consciencia da existencia de tres códigos lingüísticos diferenciados na escrita –castelán, portugués e galego–, aínda que con relación ao último se cuestionase a súa autonomía, ben a respecto do primeiro ou do segundo, de acordo con criterios ideolóxicos asociados ás diferentes maneiras de sentiren a identidade galega os distintos grupos de intelectuais e os diversos sectores sociais.

Toda a correspondencia de Noriega con autores portugueses que coñecemos e que, por tanto, aquí se vai considerar pertence á década de 20 da anterior centuria, e máis concretamente aínda ao período comprendido entre 1921 e 1927, embora a maior parte das cartas estean datadas nos catro primeiros anos desa década. Estamos, pois, na época das Irmandades da Fala, da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos, institucións do galeguismo con que Noriega mantivo algún tipo de relación, nin sempre amigábel, nomeadamente co movemento irmandiño, sinónimo de nacionalista, polo seu carácter claramente político. Por tanto, antes de tratarmos sobre a relación de Noriega con Portugal e a súa lingua, semella conveniente unha ollada ao estado da cuestión lingüística

na Galiza da altura, onde o portugués sempre está dunha forma ou doutra presente, e ao posicionamento do poeta mindoniense ao respecto.

### 1.1. O galego na década de 20 da anterior centuria

Con relación ao modelo de lingua escrita, de acordo con Fernández Salgado e Monteagudo (1995) nesa época domina o galego enxebrista ou diferencialista, que se estende desde 1880 a 1936; é a etapa de apoxeo das tendencias puristas, que se resiste ás influencias do castelán e que se abre ás da literatura medieval, do portugués ou do latín, sendo as palabras populares partilladas co español sistematicamente evitadas ou deformadas. Vulgarismos e hiperenxebristos converxen e confúndense neste período e reintrodúcense desde a literatura medieval voces xa mortas como *pobo*, *deus*, *eirexa/igreja*, *ci(b)dade* etc., que definitivamente se incorporan á lingua literaria, en canto o portugués se converte nun dos modelos para os escritores galegos; tamén se produce a ampliación semántica de numerosos termos relativos á vida rural para o campo da abstracción, como acontece con *xurdir* ou *asoballar*. Con todo, como afirma Mariño Paz (1998: 466), os castelanismos distan de ficaren erradicados nestes anos e a tendencia purista das Irmandades da Fala “dexenerou non poucas veces en reduccionismos e distorsións do patrimonio lexical galego ou en actitudes e prácticas diferencialistas”.

No ámbito máis propiamente filolóxico e no relativo á historia externa da lingua, en 1918 José de Santiago Gómez publica un estudo intitulado *Filología de la Lengua Gallega*, que posúe o mérito de ser un traballo filolóxico de carácter histórico que deixa claro testemuño da existencia histórica do galego como lingua romance derivada do latín vulgar modificado polos invasores xermánicos, suevos e godos; as súas teorías lingüísticas puñan a énfase no papel destacado das invasións bárbaras na fragmentación do latín e “harmonizaban aquí coas súas teorías políticas da independencia sueva na separación dun romance galego distinto” (Fernández Salgado 2000: 118). Co mesmo propósito de narrar a historia externa da lingua galega e con máis rigor académico, Couceiro Freijomil, amigo de Noriega na altura, publica en 1926 unha primeira versión da súa obra *El Idioma Gallego* dentro do volume colectivo *Geografía del Reino de Galicia*, como nos informa Fernández Salgado, quen afirma que con ela a historia do galego se encontra

coa filoloxía española, portuguesa e romance, e que tamén se podería xulgar como unha introdución histórico-lingüística á historia literaria galega (Fernández Salgado 2000: 117-118); con efecto, a parte da historia conclúe onde comeza o estudo da literatura.

Canto ás gramáticas, son dúas as que se encadran no período analizado e que por tanto Noriega podía ter ao seu dispor tanto para a elaboración da súa obra poética canto, se así o decidise, para a súa escrita epistolar: un breve *Compendio de Gramática Galega* de Leandro Carré (asinando como “R. A.”), saído do prelo en 1919, e a máis importante *Gramática do Idioma Galego* publicada por Lugrís Freire en 1922; estas dúas obras constitúen a achega gramatical das Irmandades da Fala, non só por entraren plenamente no período temporal destas como por os seus autores seren membros destacados do movemento irmandiño e elas mesmas responderen ao seu deseño programático. Xa se indicou antes que non houbo gramáticas renacentistas galegas, como si as houbo do portugués ou do castelán, e que non é até meados do período oitocentista que aparecen as primeiras descrições gramaticais do galego, ningunha delas reeditada, incluída a máis que notábel de Saco Arce. A síntese gramatical de Carré inaugura a Biblioteca Galeguista e, face á dura crítica descualificatoria que recibiu na única recensión aparecida na imprensa coruñesa, saíu na súa defensa *A Nosa Terra*, o que vén a demostrar a clara implicación das Irmandades nesta publicación, que facía parte do seu proxecto ideolóxico e que pretendía chegar ao grande público, misión talvez imposible pola ausencia de normalidade lingüística (Fernández Salgado 2000: 131). A outra gramática da altura é a de Lugrís Freire, que era consciente da má situación social do galego e da anarquía que gobernaba o seu uso, de modo que cumpría endereitalo acudindo á autoridade das escritoras e escritores; por iso bota man da exemplificación literaria, aínda que sen a sistematicidade e o acerto necesarios. Como máis ninguén emprende esa tarefa –téñase en conta que a Facultade de Letras da Universidade de Santiago se crea un ano despois da aparición da súa gramática–, acométea el para atender unha necesidade urxente e para dotar o galego dun instrumento útil. Debido á situación caótica da lingua, a súa gramática, como a de Carré, adopta un ton prescritivo na procura de respecto e prestixio para un idioma que na altura carecía deles. Ambos os autores eran ben conscientes de que para iso

unha lingua precisaba ter unha gramática. Ou dito con outras palabras, as Irmandades, a que ambos pertencían e servían, no seu propósito de converteren o galego nunha verdadeira lingua nacional desde a consideración de dialecto rexional dominante na sociedade da altura, necesitaban dotalo dunha gramática e para tal fin Carré e Lugrís tórnanse en improvisados gramáticos. Como acontecera coa do primeiro, tamén a de Lugrís bateu co “rexeitamento das directrices normativizadoras” que propugnaba (Ínsua 2016: 387-389).

Alén da gramática, un dicionario é igualmente un elemento necesario e case imprescindible para unha lingua nacional ser considerada como tal. E por iso as Irmandades tamén pretenderon atender esa necesidade. Dentro do período estudado continuouse a publicar o dicionario da Real Academia Gallega (1913-1928), apareceu un vocabulario do Seminario de Estudos Galegos en 1926 e tirou do prelo Carré Alvarellos os dous volumes do seu dicionario (1928-1931). Canto ao traballo académico, a RAG fixara no ano da súa fundación en 1906 o obxectivo fundamental de elaborar un dicionario galego-castelán, mais tal proxecto non se puxo en andamento até 1913, en que saíu do prelo na Coruña o “Cuaderno 1º”, e necesitou até 1928 para chegar á palabra “Cativo” no seu caderno nº 27, de onde xa non pasaría, oficialmente por dificultades económicas. Nace, pois, antes das Irmandades e termina tamén antes de estas se disolveren no PG, e non responde propiamente ao proxecto irmandiño; pódese considerar, máis ben, vinculado aos traballos lexicográficos do rexionalismo decimonónico que dalgunha maneira Murguía, como presidente da RAG, continuaba a representar; el mesmo estivo ausente da reunión en que se fundou a Irmandade da Fala da Coruña (Ínsua 2016: 60). En certo modo, este movemento nacionalista tentou suplir as carencias académicas no labor de promoción e estandarización do galego. Para Fernández Salgado (2000: 284-285) o inconcluso dicionario académico, con todo, “é a primeira tentativa lexicográfica seria de rexistro exhaustivo do léxico galego, tanto antigo como moderno, tanto literario como dialectal”.

Contrasta nisto cos outros dous dicionarios galego-casteláns da época, que procuraban o obxectivo irmandiño de fornecer instrumentos prácticos para a mellora no uso da lingua. Niso tamén apostou o Seminario de Estudos Galegos, apoiado polas Irmandades, e así os seus membros mais novos –os estudantes Filgueira



Valverde, Tobío Fernández, Magariños Neigreira e Cordal Carús– comezan a publicar en 1926 en *El Pueblo Gallego* un incompleto *Vocabulario popular galego-castelán* que abandonan definitivamente en 1928 na entrada “Treva”; aínda que é bilingüe como o académico e o de Carré, o título e o “Limiar” están redixidos en galego de acordo cos novos posicionamentos das Irmandades; mais os propios autores presentan o seu traballo lexicográfico como práctico, elemental, debedor de todos os anteriores, provisorio como froito de mocidade, contributo patriótico, modesto e despretensioso, de modo que se limitan a rexistraren todas as variantes con que batan (Fernández Salgado 2000: 285).

## 1.2. O debate sobre a forma escrita do galego na altura

A respecto da cuestión ortográfica, ten interese comezar por sinalar que en 1933 aparece un *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala* que non leva ningunha outra indicación de autoría, mais cuxo autor real é Salvador Mosteiro Pena, quen declara o propósito de non impor unha determinada ortografía e de seguir o exemplo dos escritores e escritoras da segunda metade do século XIX “en todo aquilo que nos parezca máis popular”, mais tamén de respectar o criterio etimolóxico no uso de <g> e <j> nos termos científicos e técnicos, e de manter no posíbel a grafía orixinal das palabras dos documentos antigos. Após se referir a grafías concretas <ç>, <c/z/s>, <b/v>, acentuación das vogais de grao medio abertas e fechadas, terminacións <-ao/-an/-au/-on> e os seus plurais– e deixar constancia de a ortografía ser “bastante anárquica aúno en Galicia” –e tamén en Portugal–, afirma que

todos estamos obligados a traballar para que, en un próximo futuro, se llegue a una unificación lo más completa posible en la ortografía gallega por parte de nuestros escritores, hasta conseguir incluso identificarla con la portuguesa en la mayoría de los casos, toda vez que se trata, al fin y al cabo, de una misma lengua. (Irmandades da Fala 1933: 8)

Esta semella ser a opinión, cando menos, das personalidades máis relevantes das Irmandades, nomeadamente Antón Vilar Ponte, Viqueira –expresamente citado nesta introdución– ou mesmo Castelao e Risco. E máis aínda cando a seguir cita o caso dos flamencos que tiveron de admitir a ortografía holandesa “para hacer más eficaz su idioma”, cando alude á posibilidade

dunha literatura galega entendida en Portugal, no Brasil e nas colonias portuguesas, e mesmo cando acode ao modesto contributo dese vocabulario para a necesaria dignificación e fixación do galego. Tampouco estaría o autor en disintonía cos persoeiros antecitados e co sentir xeral das Irmandades da Fala cando asevera que as persoas detractoras do galego que pasaren as follas desta obra incorrerán no “so-corrido yerro de creer ‘aportuguesados’ a los que escriben con relativa corrección la lengua materna” porque tal acusación foi unha constante desde o período oitocentista (Sánchez Rei 2014: 139).

De todas as formas, a respecto da norma escrita do galego nas Irmandades da Fala conviviron posicións diferentes, segundo recolle Ínsua (2016: 283-285) a través das páxinas do voceiro *A Nosa Terra* nos anos 1919-1921: en canto Ribalta propugnaba unha solución foneticista, Viqueira defendía o criterio etimolóxico na perspectiva da unificación ortográfica co portugués e outros como Leandro Carré ou Iglesias Roura rexeitaban ambas; Risco, por seu turno, defende a liberdade normativa, como Santos Vila, mais prefire o aportuguesamento á castellanización. En xeral, e para alén do plano ortográfico, nas Irmandades dominaba unha “actitude filolusitanista” (*Ibid.* 286) que Noriega Varela nunca tivo a pesar de ser un poeta lusófilo (Freixeiro Mato 2000).

Aínda habería que citar, por último, que ao final da década de 20 da anterior centuria se leva a cabo unha proposta específica para dotar a lingua galega dunha norma escrita unificada: Couceiro Freijomil publica en 1929 o opúsculo *Ortografía Gallega. Bases para su unificación* que serviu de base para as primeiras normas que tivo o galego provenientes dunha institución de prestixio ligada ás Irmandades, o Seminario de Estudos Galegos, que dá a coñecer en 1933 *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*, a que fará unha engádegua en 1936; estas normas fundamentábanse “nun informe que no ano 1928 lle presentara á institución Antonio Couceiro Freijomil” (Mariño Paz 1998: 473), xefe e amigo de Noriega, sobre quen exercía influencia. Algúns investigadores xulgan máis válidas as normas de Couceiro que as que finalmente tirou do prelo o Seminario, carentes de rigor científico (Fernández Salgado 2000: 314-315). Couceiro, pertencente nun principio ao grupo de nacionalistas ourensáns, xunto con Noriega, segundo Beramendi (2007: 704), non figuraba entre os afiliados ás Irmandades en Ourense nos primeiros momentos en que estas se

constituíron (*Ibid.* 433 e 449) e logo estivo enfrontado co movemento nacionalista xunto co propio Noriega Varela e con outros como Jaime Solá (Freixeiro Mato 1993: 64). Segundo confesión expresa do propio autor, a súa proposta pretendía axustarse no posíbel á ortografía castelá, que xulgaba mellor que a portuguesa (Couceiro Freijomil 1929: 16), idea talvez partillada polo poeta da montaña, mestre de profesión que debía ensinar as regras ortográficas do castelán ás crianzas e que usaba esta lingua en toda a súa correspondencia. Aínda que cando Couceiro publicou a súa proposta ortográfica Noriega xa tiña elaborada a maior parte da súa obra poética, é posíbel que o trato continuado, a amizade persoal e a admiración do mindoniense polo seu superior xerárquico—Couceiro foi inspector de ensino na mesma zona ourensá onde Noriega exercera de mestre—fixesen que os criterios ortográficos do autor eumés influísen dalgunha maneira no poeta mindoniense, a pesar de este posuír un modelo lingüístico claro e bastante estábel desde o inicio do seu labor literario.

### 1.3. As diferenzas na codificación das linguas en causa

Antes de nos referirmos aos tres padróns ou normas lingüísticas de que vai facer uso, maior ou menor, Noriega, cómpre unha breve introdución sobre o que entendemos por norma. Face á heteroxeneidade real do comportamento lingüístico dos individuos e grupos, contraponse a homoxeneidade artificial do padrón normativo ideal, que con frecuencia se tenta superpor á diversidade real por motivacións ideolóxicas (Lucchesi 2002: 63-64). Joseph (1987: 25) ten sinalado ao respecto que a linguaxe humana está baseada no paradoxo de dúas das súas características fundamentais, a estabilidade e a mudanza, seren contraditorias entre si, pois en canto a linguaxe é inherentemente estábel, a realidade en que vivimos está en mudanza continua. Ao mudar a lingua, muda tamén a norma, mais deberíase falar con máis propiedade de ‘normas’, segundo propón Bartsch (1987: 155), que prefire referirse en moitos casos a conflito entre diferentes normas antes que a desvío da norma; e, face á noción dunha norma diferente para cada dialecto, sociolecto ou rexistro, propón a de conxunto de normas. Por outro lado, entre os diversos grupos sociais está aquela parte da poboación que máis directa e intensamente se relaciona coa cultura escrita, que tamén posúe a súa propia norma; para designar os feitos lingüísticos que este grupo máis habituado ás actividades de

escrita usa normalmente en situacións formais de fala e na escrita costúmase usar a expresión ‘norma culta’, que tamén está en contacto coas demais normas sociais, coas consecuentes influencias mutuas. Aliás, a cultura escrita, asociada ao poder social, desencadeou tamén ao longo da historia un proceso fortemente unificador coa vista posta nunha relativa estabilización lingüística que igualmente procuraba neutralizar a variación e controlar a mudanza. A esa norma estabilizada como resultado de tal proceso costúmase dar o nome de ‘norma padrón’ ou ‘lingua padrón’ (Faraco 2002: 39-40), que vén sendo a promovida polas gramáticas, os dicionarios e os libros de texto escolares, co beneplácito ou a autoría dos organismos codificadores cando estes existiren, e que na práctica acaba por confluír coa norma culta. Será a esa norma—elaborada ou en proceso de elaboración—que nos referiremos cando nas páxinas que veñen a seguir se fale de padrón galego, portugués ou castelán.

En relación, pois, cos tres códigos lingüísticos que, dunha forma ou doutra, vai manexar Noriega Varela, pódese dicir que o galego, a súa lingua poética, carecía na altura dunha forma común unificada, pois a RAG, que nun principio tiña certa *auctoritas* na materia, non conseguira elaborar unha gramática nin un dicionario completo, nin tampouco unhas normas mínimas para a escrita. Perante a falta de calquera entidade co necesario prestixio e capacidade para fixar unhas pautas comúns para a escrita ou de organismos públicos preocupados por ese tema, Noriega vai seguir en xeral os criterios ortográficos máis ou menos dominantes e maioritarios desde a restauración decimonónica, rexeitando explicitamente o posicionamento da corrente etimoloxista—e en ocasións lusista—minoritaria, aínda que nos planos fónico e morfolóxico—e en parte no léxico—vai ser sempre fiel ao seu modelo baseado na fala dialectal mindoniense (cf. Freixeiro Mato 1993: 67-133), que despois se tentará sintetizar.

Outro código lingüístico con ampla presenza na vida do poeta é o castelán, a lingua utilizada na súa correspondencia e no exercicio profesional como mestre, alén de ser o seu idioma habitual na oralidade ordinaria e sobre todo no rexistro formal; para tales usos dispuña á altura dos anos 20 dunhas claras orientacións recollidas tanto na *Gramática de la lengua española* da Real Academia Española, cuxa primeira edición databa de 1771 e que periodicamente se actualizaba, como na *Ortografía*

*de la lengua española* editada pola primeira vez no ano 1741 pola mesma entidade, que regularmente a revisaba, e no *Diccionario de la lengua española* da RAE (1ª ed. de 1780, 14ª ed. en 1914 e 15ª ed. en 1925); os seus criterios unificados eran aplicados no material escolar que un mestre como Noriega debía utilizar co alumnado, de modo que pouca dúbida pode existir canto ao dominio e uso correcto por parte do poeta dun modelo de lingua en termos xerais seguro e máis ou menos estábel.

Moita menor presenza ten o código portugués na vida do autor, embora fose unha lingua literaria de importancia para el; o seu maior ou menor dominio proviña basicamente da lectura de poetas lusos, algunha de cuxas composicións era capaz de recitar de memoria. Tamén o portugués non dispuxera dunha entidade como a RAE que se encargase da fixación normativa do idioma nos séculos precedentes, aínda que progresivamente se vai ir ocupando desa función a Academia de Ciéncias de Lisboa, de que Noriega chegou a ser membro correspondente, a cal fora fundada en 1779 co nome da Academia Real de Ciéncias e que en 1910, coa proclamación da República de Portugal, pasou a ter a denominación actual, a se converter posteriormente en órgano consultivo do goberno luso en materia lingüística. Mais a forma escrita do portugués mantívose nun estado bastante caótico até finais do século XIX e só na segunda década do XX atinxiu a súa unificación: en 1876 aprobouse o primeiro método oficial de aprendizaxe da escrita do portugués, a *Cartilha Maternal. Arte de Leitura*, de João de Deus; en 1898 publícase o primeiro decreto governamental sobre a ortografía, *Conjugação dos verbos e synopses grammaticais*; en 1904 sae do prelo a obra fundamental de Aniceto dos Reis Gonçalves Viana intitulada *Ortografia Nacional. Simplificação e uniformização sistemática das ortografias portuguesas* que, xunto con outros traballos da mesma autoría, vai servir de base para a reforma ortográfica aprobada por decreto do goberno de 1 de setembro de 1911 e elaborada por unha comisión presidida por Adolfo Coelho e con Carolina Michaëlis de presidenta honoraria, da cal Viana foi o relator e Cândido de Figueiredo e Leite de Vasconcelos vogais. Esta comisión “estabelece uma ortografia simplificada a usar nas publicações oficiais e no ensino” e presupuxo unha mudanza “profunda”, a modificar “completamente o aspecto da língua escrita, aproximando-o muito do actual, fazendo desaparecer muitas consoantes dobradas, os grupos

*ph, th, rh, etc.*” (Tavares e Ricardo 2009: 176). Neste marco normativo do portugués é onde se debe encadrar a relación de Noriega co padrón lusitano e tamén a do seu principal interlocutor, Teixeira de Pascoaes, que nesa mesma altura se pronunciaba na imprensa en prol da simplificación gráfica como criterio xeral, embora admitindo algunhas excepcións concretas (Pascoaes 1988: 15-18).

Noriega tamén empregará certas afectacións ortográficas, algunhas comúns aos poetas lusos da altura, que foran eliminadas no acordo ortográfico portugués de 1911, como *nympha, hymnos, lyra, pythonisa, mysterio etc.* (Freixeiro Mato 1993: 73). No entanto, non se deixou tentar pola ortografía portuguesa nin pola aproximación do seu modelo de galego ao padrón luso, como se verá posteriormente e como se suxeriu nas liñas precedentes, salvo o caso excepcional e único do poema “As florinhas dos tojos” aparecido no nº 7 da revista ourensá *La Centuria* en 1918, en que o cuarto verso, “que sorríen, a medo, entre espiñas”, aparece trocado en “que retouçam com Phebo entre espinhas” como única mudanza significativa, alén das adaptacións puramente gráfico-lingüísticas, que inclúen formas anómalas no padrón luso como *tojales* e *devoções*. Fica aínda sen explicación a peripecia da publicación desta versión ‘lusista’ do poema talvez máis coñecido de Noriega, que fora dado a coñecer pouco antes en *Vida Gallega* coa forma en que figura no resto das edicións, incluído ese cuarto verso (*OC I*, 305-306). De todos os modos, iso non pasou de ser unha anedota e fica claro que, en canto o seu amigo Teixeira de Pascoaes se mostraba partidario da aproximación entre galego e portugués até se converteren nunha única lingua (en Malato, Notário e Caseiro Nogueiras 2012: 167-169), Noriega Varela vai postular, e practicar, a independencia do galego, como afirma Otero Pedrayo (1969: 19). En fin, para Noriega Varela existen tres códigos lingüísticos claramente diferenciados, que son o galego, o español e o portugués, para alén das diferenzas existentes entre eles canto ao grao de codificación; aínda que o galego era o que presentaba máis carencias nese aspecto, o poeta mindoniense tiña un modelo claro na súa lingua literaria, a que foi fiel ao longo de toda a súa vida (Freixeiro Mato 2015: 63-65) e tal modelo era máis dependente do español que do portugués, nomeadamente no plano ortográfico, mais tamén no morfolóxico e léxico, como a seguir se verá.



#### 1.4. O modelo lingüístico do poeta mindoniense

Como escritor en galego, Noriega utiliza e defende unha lingua baseada na fala popular e afastada do modelo enxebriante e artificioso das Irmandades da Fala (Fernández Salgado e Monteagudo Romero 1995: 133-140), que combateu con teimosía (Freixeiro Mato 2017), sen se deixar influír nin pretender ningún tipo de achegamento ao padrón lusitano (Freixeiro Mato 1993: 56-57). Canto a ese modelo de lingua utilizado na súa obra literaria (*Ibid.* 67-135), no plano gráfico emprega unha representación xeralmente acorde coa fonética, mais influída tamén pola práctica ortográfica habitual na maior parte dos textos galegos do XIX e principios do XX, baseada fundamentalmente na do español; e non quere saber nada da tendencia etimoloxista para a representación da fricativa prepalatal xorda nin de polémicas ortográficas (*OC II*, 431). No plano fónico a súa lingua caracterízase pola reprodución de fenómenos propios dunha fonética fiel ao modelo da fala popular mindoniense, que reflicte unha lingua aínda en proceso de conformación do seu propio estándar (vacilación no timbre de vocais átonas, metáteses consonánticas, redución de grupos cultos, asimilacións e disimilacións etc.), dentro do sistema fonético do bloque central. No nivel morfolóxico destaca unha fidelidade practicamente absoluta ás solucións do modelo lingüístico dialectal do autor, a área mindoniense, sobre todo no que afecta a formación do plural e a solución dada a certos sufixos latinos (*corazós, piñeirales, irmao/irmau* etc.); na morfoloxía pronominal e verbal prodúcese unha maior concorrencia de formas.

O plano léxico merece un tratamento algo máis demorado, pois son moitos os castellanismos léxicos na obra de Noriega. Por un lado están aqueles que aparecen de forma constante e reiterada como única forma escollida conscientemente polo autor, ben por descoñecemento da forma galega, ou por rexeitamento dela ao non a considerar auténtica (*Dios, adios, reina, solo, majo, gallego, roca, sangre* etc.). Outros aparecen ocasionalmente (*toquilla, doncella, prisa, campana, claveles, dudo, cosechas, limosniña, beleza, collares, deseo, huraño, siglos, palomas, poblado* etc.). Existen tamén numerosos casos de concorrencia do castellanismo coa forma galega, motivada en ocasións por necesidade e/ou comodidade de medida e rima: *pino/piñeiro, ermita/ermida, hereda/herdaches, ola/onda, luna/lua, cuna/berce, ensinar/ensinan, estrella/estrela* etc.; e

formas híbridas ou castellanismos disfarzados: *bachileres, haláxas, lexano, anxeliños, ánxel, poseyo, antoxa, xuzgárame, evanxelios* ou *hermoseya*. Só se achan algúns casos isolados de diferencialismos ou pseudogaleguismos por motivos xa apuntados, a maioría documentados nos seus primeiros poemas, como *brilantes, brila, briladora, bruxeirías, pacencia* e *primadeira*, practicamente os únicos que se atestan.

Pódese observar, aliás, unha evolución na lingua poética do autor, acorde coa evolución da propia obra de creación (*OC I*, 175-176). O galego da primeira época (*Montañesas*, 1904) ten un marcado acento rural, grande riqueza léxica e un forte carácter dialectal mindoniense; hai predominio do léxico concreto face ao abstracto, como corresponde ao carácter realista das composicións, e por iso mesmo apenas aparecen os castellanismos. Na segunda etapa (*Do Ermo*, 1920) a depuración temática exiulle tamén unha maior depuración lingüística, mais el sempre se mostrou partidario da fala viva do pobo e dos criterios estéticos á hora de exceder os límites desta, como manifesta epistolamente a Otero en 1928: “Y tendrémolos *el gallego qe. vive sin qe.* por eso dejémolos de escogitar de viejos fárragos muy preciosas palabras qe. yo no veo inconveniente en qe. de nuevo circulen, si son eufónicas” (*OC II*, 431). A lingua vaise ir desprendendo do ton popular e do ruralismo colorista para se facer máis culta e abstracta, incorporando, alén de moitos castellanismos, termos e expresións non usados con anterioridade, pois os principios estéticos do poeta tamén mudaron e, se en *Montañesas* facía poesía para a xente do pobo, en *Do Ermo* vai escribir para unha minoría ilustrada, como explicita en carta de 1923 a Álvaro Cebreiro: “Ahora me apasiona más el aplauso de los doctos y me atraen más *as bágoas* que *os axoueres*” (*OC II*, 396).

#### 2. As linguas de Noriega Varela

Na vella cidade de Mondoñedo, onde Noriega Varela aprendeu a falar e relacionarse, o galego debía ter, con certeza, unha presenza maioritaria a fins do século XIX, como centro dunha comarca rural a onde baixaban con frecuencia os labregos das montañas dos arredores. Mais o contorno familiar do futuro poeta, con militares e un sacerdote entre as persoas máis achegadas (Freixeiro Mato 1992: 15-20), converterían o español nunha lingua habitual na propia morada. A posterior entrada no Seminario Conciliar de Mondoñedo, onde



vai cursar toda a carreira eclesiástica, por un lado vaino pór en contacto con compañeiros maioritariamente galegofalantes e, por outro, confrontarao directamente coa situación real de conflito lingüístico en que vivía a sociedade galega, que supuña a represión da propia lingua do país nos ámbitos de uso reservados ao español.

Nesa contextualización lingüística torna mesmo normal que un estudante de clara vocación poética, educado e alfabetizado no idioma dominante, comece a dar os seus primeiros pasos literarios nesa lingua predeterminada para a escritura, tal e como fixeron polo xeral os demais poetas galegos do seu tempo e anteriores a el. Deseguida conseguirá popularidade entre os compañeiros e profesores do Seminario polas semblanzas que, en español, realizaba sobre eles mesmos e nesta lingua escribirá tamén un diálogo navideño, “El Nacimiento”, e dous prantos pola morte dos poetas José María Chao Ledo e Francisco de Paula Buón; ambas as composicións, aparecidas no ano 1894, son as primeiras do autor que achamos publicadas na imprensa local e xa non daremos con outra no idioma castelán até o ano 1931, asinada co pseudónimo “Rosendo de Padornelo” (*OC* II, 120-130). En 1895, ano en que o poeta ten de abandonar o Seminario, dá ao prelo a súa primeira obra impresa, o folleto *De ruada*, poema extenso en galego con que obtén un premio literario, e a partir del xa todas as obras posteriores do autor estarán escritas en lingua galega; deste modo, os poemas en lingua española poden considerarse unha anedota na totalidade da obra poética do autor, pois son apenas 13 nunca incluídos por el nos seus libros, a se tratar polo xeral de poemas de circunstancias en que o número maior corresponde ao período da Guerra Civil (*OC* II, 120-149).

De acordo coa súa peculiar maneira de ser, o poeta vai ocultar a súa personalidade de escritor detrás da figura dun paisano vello e experimentado, nun proceso de simbiose co montañés protagonista dos seus versos. Así, en “Fale meu bisavó” (*OC* I, 199-207), publicado en 1900 e logo a encabezar *Montañesas* (1904) e a súa obra completa de 1946, realiza unha apaixonada defensa dos costumes tradicionais, representados, entre outros, polo dengue, a monteira, a gaita ou o idioma; o poeta defende a lingua galega, por tanto, como parte da tradición e crítica de paso calquera invención, como a gasosa, por exemplo; isto é, lamenta que se vaia perdendo o idioma, do mesmo xeito que critica que xa nas feiras non se vexan o

dengue e a monteira, substituídos pola “toquilla” e polo sombreiro sevillano. A identificación do galego co mundo rural e tradicional da montaña fica sublimada no poema “Nosa fala” (*OC* I, 317-320), o único consagrado polo autor enteiramente á lingua galega; nel a concepción lingüística apunta cara a unha dicotomía campo/cidade, onde o galego sería, loxicamente, a lingua exclusiva da montaña, síntese da tradición, deixando para o español o dominio do mundo urbano, asociado ao progreso. Deste xeito desaparece o conflito lingüístico, pois cada lingua ten a súa propia área de dominio segundo o enclave humano-xeográfico. O poeta da montaña, que como tal adopta o punto de vista e os ademáns de rudo brañego e que sente unha profunda veneración polas tradicións que a montaña representa, de acordo coa súa propia ideoloxía, empregará en boa lóxica a lingua galega á hora de compor os seus versos, mais na cidade manifestarase reticente co seu uso (Freixeiro Mato 1993: 64).

Os únicos dous textos en prosa que se coñecen de Noriega tamén están en galego: un curioso prólogo de 1899 a un libriño de versos en castelán de Arturo Sánchez Núñez e unha breve narración publicada nun xornal mindoniense en 1904 (*OC* II, 311-313). Alén disto, é autor de dúas obras de recompilación da lingua popular e tradicional, tamén en galego desde o propio título, *A Virxen y-a paisanaxe*, de 1914, e *Como falan os brañegos*, de 1928, que ten continuación en publicacións periódicas (cf. Freixeiro Mato 1993: 36-47). Todo isto permite afirmar que Noriega Varela non só é poeta fundamentalmente en galego como mesmo é escritor practicamente monolingüe nesta lingua. Porén, a súa correspondencia, tanto con persoas galegas –galeguistas ou non– como portuguesas está toda en español, excepto unha, da que se coñece só un fragmento, que escribiu en galego en resposta de agradecemento por un favor dun amigo que se dirixira a el nesta lingua. A carta comeza así:

Amantiño: Ont’a noite, entre lusco e fusco, metéronme pol-a gateira d’a porta a tua cobizada cartiña y -oh de Dios!, en canto me procatei que viña esquirta, de cabo a rabo, na nosa fala mimosa, dinlle un tanto a cabeza, pra non roncar despois de morto, y engrandáronseme os ollos, e botei frouma no lume pra ver de soletreal. Déixasme parvo... Pero así Dios te salve, xuntache cento trinta a oito adoviños en gallego! Teño que recibir, pois, con gaita e foguetes, isa “colección” que tan xentilmente me brindas, dendel-as irtas montañas que namorado roldei, e que as miñas musas cantaron. (*OC* II, 369)

Mais é esta a única mostra que achamos en galego, pois en castelán están inclusivamente as cartas de Noriega co galeguista Otero Pedrayo e tamén co portugués, amante da Galiza e do galego, Teixeira de Pascoaes (Freixeiro Mato 1994). Por tanto, Noriega Varela utiliza o galego como lingua literaria e o español como lingua da relación epistolar, en canto o portugués só ocasionalmente aparece en palabras, expresións ou citacións textuais inseridas nas cartas dirixidas aos correspondentes lusos, alén de ser a lingua das súas lecturas preferentes, como logo se verá.

### 3. Noriega Varela e Portugal

A influencia que tivo a etapa trasalbesa (1913-1926) na traxectoria poética de Noriega foi grande, pois permitiulle o contacto directo e persoal cos escritores portugueses, que o levará por unha vía poética de maior pureza, a se afastar cada vez máis da liña costumista e descritiva decimonónica e penetrando no puro lirismo á procura dun esteticismo que o aproxima dos poetas parnasianos e simbolistas do país veciño. Esta vía conducirao ao mellor da súa produción, os sonetos, aparecidos case todos na terceira edición de *Do Ermo*, de 1929. Nos escritores do norte de Portugal vai achar Noriega unha acollida extraordinaria, correspondida por unha crecente admiración del polo país, polas súas xentes e nomeadamente polos seus poetas.

#### 3.1. O seu recoñecemento alén Miño

Non descubriu Noriega, porén, a poesía portuguesa en Trasalba. Xa en 1903 escribira un soneto á morte do primeiro fillo, imitación de “Alma minha gentil, que te partiste” de Camões (Freixeiro Mato 2000: 276-278). Antón Vilar Ponte tíñalle facilitado na etapa de Foz lecturas de autores portugueses, que logo en Trasalba ampliará, alén dos textos lidos sendo seminarista en Mondoñedo. E acabará por se entregar totalmente aos poetas do país irmán, como declara nunha entrevista con Álvaro Paradelo pouco antes de morrer: “Eu leio preferentemente poetas portugueses” (OC II, 364). Mais xa no ano 1925 aconsellaba por carta a Trapero Pardo que “no se harte de rumiar a los famosos poetas de Portugal? Herculano,

Antero de Quental, Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoais y cien otros; ¡cuanto enseñan!” (OC II, 414). Da mesma forma que o fixo Teixeira, como se verá, tamén Portugal no seu conxunto correspondeu a este amor de Noriega, como el mesmo reconece en carta de 1943 a Trapero Pardo: “De la última edición de *D’o Ermo* hay, seguramente, más ejemplares en Portugal qe. en Galicia, porque allí fueron muy estimados” (OC II, 454). De Portugal vai recibir tamén honras e distincións.

A relación de Noriega co país veciño faise especialmente intensa a partir da publicación da primeira edición de *Do Ermo*. A obra acabouse de imprimir o 15-7-1920 e o 28-2-1921 é proclamado o autor socio correspondente do Instituto Histórico do Minho; na acta recóllense intervencións de socios que, para honraren un poeta en lingua galega, resaltan paradoxalmente a importancia da lingua castelá, como a de Silva Campos, que mostra “as suas preferências pelo espanhol”, e a do coronel Sarmiento, que “para mostrar o apreço em que os portugueses teem o idioma dos seus irmãos da península, falou em espanhol” (OC II, 341). Neste acto de ingreso de Noriega tamén o fixera Jaime Solá, director de *Vida Gallega*, que aproveitará a ocasión para despois atacar, máis unha vez, os nacionalistas galegos nas páxinas da súa revista a propósito dese uso do español por parte de persoeiros portugueses e da propia ideoloxía lingüística do poeta mindoniense:

¿Sabe el Sr. Liste lo que acaba de decir en un acto solemne del Instituto Histórico do Minho, el ilustre literato y periodista Silva Campos, uno de los leaders de la aproximación espiritual luso-gallega?: que le gusta más el español que el gallego. ¿Y sabe que fechoría acaba de realizar en el mismo acto otro leader, el coronel Sarmiento?: hablar en español para cantar los méritos de Noriega Varela, que escribe en gallego y que no obstante ama la lengua hispana tanto como el ilustre portugués Silva Campos, y la unidad de la patria española tanto —con el corazón— como el nacionalista Gil Rovira la ama con la letra de molde”<sup>2</sup>.

Noriega tamén foi nomeado membro correspondente da Academia de Ciências de Lisboa, título de que fará ostentación, pois a partir dese momento as fórmulas “d’a Academia de

<sup>2</sup> Véxase “El «ridiculus mus» del nacionalismo”, *Vida Gallega* 171, 20-5-1921.

Sciências de Lisboa” e “d’o Instituto Histórico d’o Minho” figurarán frecuentemente a continuación do seu nome nas capas dos libros ou na sinatura de poemas nas súas colaboracións en xornais e revistas. Con motivo da homenaxe que o Instituto Histórico do Minho fixo a Rosalía de Castro o 15-7-1923, Noriega é convidado a participar activamente no acto, como manifesta en carta a Teixeira de maio dese mesmo ano:

Y quieren Silva Campos, el Coronel Sarmiento, y ese corazón de oro qe. se llama Júlio de Lemos, qe. tomemos parte principalísima en esa fiesta de *amizade luso-espanhola* mi primogénita hija Cándida (vistiendo el traje típico de esta Tebaida) y un servidor de Vd. Debalde intentaría retraerme, ni puedo, ni debo, dada la buena voluntad y el afecto qe. me demuestran. *Solemnemente*, pues, les di mi palabra de qe. iré. (OC II, 390)<sup>3</sup>

Nese acto, celebrado en Viana do Castelo, Noriega pronunciou un discurso, seguramente en español, e nesta lingua foi reproducido na Galiza<sup>4</sup>. Por esta vía, a proxección de Noriega en Portugal vaise intensificando e aparecen composicións súas en moitos xornais e revistas, fundamentalmente nas do norte, como *A Aurora do Lima*, de Viana do Castelo, *Almanaque de Ponte-de-Lima*, *A Terra Minhota*, de Monção, *A Aurora do Minho*, de Viana do Castelo, *Triptico*, de Coimbra, ou *A Águia*, *Jornal de Notícias* e *A Cidade*, todas tres do Porto. Do que non hai dúbida é de que a proxección e estima do poeta mindoniense en Portugal foron grandes, como afirma Pedro da Silveira (1986: 29): “Noriega, que foi, depois de Rosalia de Castro, talvez o poeta galego mais estimado em Portugal, é também porventura aquele, entre todos, que maior influência acusa no seu lirismo, em especial como sonetista, de poetas nossos”.

### 3.2. A íntima relación con Teixeira de Pascoaes

Entre as relacións persoais que estableceu Noriega con escritores portugueses a máis importante foi a de Teixeira de Pascoaes, quen

entrará en contacto epistolar con el en 1921 a través de Vicente Risco, como o poeta da montaña explícita na primeira carta ao escritor saudosista: “El día 7 de este mes de mayo, fué de gran fiesta para mi corazón, ya qe. un caballero me entregó, de parte de Don Vicente Risco, ‘Sombras’, valiosísimo librito de poesías, con que, por mediación de dicho Sr. Risco, Vd. se digna favorecerme” (OC II, 371). Foi, pois, Teixeira de Pascoaes quen iniciou o contacto con Noriega enviándolle este libro a través de Risco, que previamente lle remitira un exemplar de *Do Ermo*. Con efecto, no arquivo de Teixeira de Pascoaes en Amarante figura un exemplar da edición de 1920 que leva unha anotación a man en que consta que foi enviado por Vicente Risco; mais non leva dedicatoria do autor, ao contrario da edición de 1929, que inclúe unha moito extensa. Na carta de Vicente Risco a Pascoaes de 30-7-1920 confirmase o envío do libro: “Co’ esta remétolle o libro de poesías de Antonio Noriega Varela: *D’o Ermo*, que ven de sair â venda e foi editado por min, en unión dos meus insoparables compañeiros Losada e Noguerol” (en Malato, Natário e Casseiro Nogueiras 2012: 79).

A partir deste contacto vaise establecer unha fluída correspondencia entre os dous poetas, en que fica clara a inmensa e mesmo exaxerada admiración de Noriega polo grande lírico portugués, a quen se dirixe como “Altísimo Poeta”, “Eminente Poeta”, “Poeta Máximo de la Raza” etc., inclusive nos envelopes das cartas que lle envía, en cuxo interior se achán parágrafos como este:

Lo que sucede es que en poesía, como en todo, aun hay clases... Y si no se atropellasen muchísimas razones que nos decidieron a proclamaros en nuestros corazones *el poeta máximo de la Raza*, una obvia consideración bastaría: Eugenio de Castro produce de espaldas a la raza y a las tradiciones, vos teneis *la misión altísima de anunciar a Boa Nova*, sois el paladín, *forte e valeroso, da Saudade, a Virgem Mãe da gran raça portuguesa*. No hay, no hay poetas ni poesía, donde quiera!, que alcancen tales alturas. ¡Firmemente creo que sois un singular predestinado! (OC II, 380)

<sup>3</sup> Nesta e nas sucesivas citacións textuais as palabras ou expresións destacadas tipograficamente son sempre responsabilidade da autoría da fonte orixinaria.

<sup>4</sup> Véxase *Vida Gallega*, nº 238 de 20-11-1923, e nº 239 de 05-12-1923; mais en Portugal foi editado como separata d’ *A Aurora do Lima* no ano 1924 en lingua portuguesa (véxase o texto reproducido en OC II, 347-353).

A relación con Teixeira será intensa e cordial, sendo mesmo convidado ao seu pazo de Amaranante, de onde voltou cheo de admiración e gratitude pola magnanimidade con que foi tratado (cf. *OC* II, 394). Noriega correspondía ás atencións recibidas coa grande devoción que sentía pola poesía e pola persoa de Teixeira, de modo que non desistiu nas súas demandas até conseguir ter unha fotografía do poeta saudosista: “Insisto en mis ruegos: Quiero tener en sitio muy preferente de mi chocita el retrato de Teixeira de Pascoaes. Algún día lo conseguiré, sí?” (*OC* II, 387).

Após unha primeira etapa de Noriega en Trasalba na cal mantivo unha relación cordial cos nacionalistas ourensáns do círculo de Risco, logo pasou a ter un duro enfrontamento con eles, como demostra esta correspondencia con Teixeira de Pascoaes. Cando este dedica conxuntamente unha composición “A os grandes poetas da Galiza Cabanillas e Varela” (*OC* II, 529-530) na revista *Nós* de 1-12-1922, se callar coa intención de procurar unha aproximación entre os bandos enfrontados en que ambos militaban, provoca unha carta, de 29-12-1922, inusualmente dura de Noriega, onde se pon en relevo, máis unha vez, a súa confrontación co nacionalismo galego e mesmo recrimina a Teixeira que se dirixa a el como “Varela” cando na Galiza é coñecido polos dous apelidos (*OC* II, 385-387); volta Noriega ás duras críticas contra o nacionalismo noutra carta de 11-2-1923: “No lo entienden así *los pintorescos nazionalistas*: cren los muy desorientados que no es poesía lo qe. no sea *resolver pavorosos problemas, en verso*, y según ellos no es artista ni menos *poeta de la raza* quien como yo no cae en la tentación de *irse por esos cerros con un púlpito en cada dedo...*” (*OC* II, 388-389). O grande prestixio de Teixeira de Pascoaes entre a intelectualidade galega motivou tanto queixas de Noriega por o portugués manter tamén relación cos nacionalistas, como as de Risco polo motivo inverso, pois en 1926 escribe este ao poeta portugués: “Ben tempo hai qu’ as nosas comunicacións cesaron. Seica foi dend’ o viaxe de Paco Luis Bernardes e Noriega Varela que, ou as preferencias da V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> tomaron outro vieiro, ou non sei que foi, o conto é que non voltei a ter novas da V<sup>a</sup> Ex<sup>as</sup>” (en Malato, Notário & Caseiro Nogueiras 2012: 123).

O poeta de Amaranante non quixo renunciar á amizade de Risco e á doutros nacionalistas (Antón Vilar Ponte, Cebreiro, Risco, Castela, Víctor Casas, Blanco Torres, Viqueira etc.), como se pode ver na correspondencia recompilada en Alvarez e Alonso Estraviz (1999), mais tampouco á de Noriega Varela, poeta por que sentía singular devoción; non deixa de ser sintomático neste sentido que aquel poema dedicado conxuntamente a “Cabanillas e Varela”, voltase a ser publicado nun xornal portugués varios meses despois coa seguinte dedicatoria: “Ao grande poeta da Galiza Antonio Noriega Varela”<sup>5</sup>. Certamente, Teixeira procuraba a relación amical cos nacionalistas galegos, que lle escriben en galego ou intencionalmente en portugués nalgún caso e cuxa causa “duma pátria liberta do imperialismo castelhana” partillaba, como afirma Álvarez (en Álvarez e Alonso Estraviz 2008: 12), igual que vía con evidente simpatía o uso do galego e a tentativa da súa dignificación. Mais no epistolario citado hai tamén varios escritores galegos, a comezar polo propio Noriega, que son declarados inimigos do nacionalismo e que lle escriben en español, como Salgado López-Quiroga ou Leal Insua; case todos eles invocan o nome do poeta da montaña para estableceren relación epistolar co autor de Amaranante e para lle pediren algún favor, que normalmente é atendido. Practicamente todos coñecen o galego, lingua en que algúns mesmo escriben libros, como é o caso de Salgado, alén do propio Noriega, e porén acoden á lingua de Castela para lle solicitaren favores a un moi prestixioso e admirado poeta portugués que ama o galego e defende a aproximación lingüística e cultural entre a Galiza e Portugal, o que só se pode explicar por razóns de tipo ideolóxico.

### 3.3. A escasa influencia do portugués na lingua poética de Noriega

Houbo na súa etapa trasalbesa, como se viu, un achegamento definitivo de Noriega á poesía portuguesa, cuxa frutífera influencia o levará por vías de maior depuración temática e estilística. Mais non se produce unha importante incorporación de termos portugueses a *Do Ermo*; incorpora, iso si, palabras cultas utilizadas polos poetas portugueses, mais que non resisten a cualificación de lusismos, a non ser que

<sup>5</sup> Véxase *A Aurora do Lima*, de Viana do Castelo, nº 52, de 13-7-1923.



se consideraren así palabras como *saudoso*, *tremelucir*, *fulgurante* ou *acordar*. Un poeta amigo de Noriega e da súa mesma área lingüística, Aquilino Iglesia Alvariño, emprega en ocasións formas como *piñeirais*, *rosais*, *azúes*, *insolúvel* etc., mais estas solucións morfolóxicas nunca se acharán en Noriega Varela. Neste sentido, Carvalho Calero (1989: 280-281), a falar das “Influencias portuguesas no primeiro Aquilino”, contrapón a traxectoria lingüística deste e de Noriega, do que afirma que

arrincou no que di respeito à sua language, da fala popular, da fala rústica, que considerava a única fonte lídima da língua literária, acabou depois dos seus contactos com Portugal e alguns escritores portugueses, por admitir formas e giros aprendidos naqueles, o que se manifesta claramente na maioria dos seus sonetos. Aquilino seguiu o caminho inverso. Na obra posterior a *Señardá* é cada vez mais isolacionista com relação ao português, e tende a umha language fundada na fala, por mui castelhanizada que se atope. Noriega partiu de um galego dialectal e popular para elevarse até um galego que tendia a ser galego-português.

É certo que canto máis vai depurando Noriega o seu galego popular e rural, canto máis vai elaborando o seu propio modelo de galego culto, máis se achega ao portugués literario; porén, isto non quere dicir que ‘aportuguese’ o seu galego. Otero Pedrayo, que conviviu con Noriega 13 anos en Trasalba e que coñece ben a súa maneira de ser e de pensar, como nos demostra nos numerosos artigos que escribiu sobre el, afirma a respecto desta cuestión: “Pro a lírica, sobre todo a lírica portuguesa facíao meditar, bambeándose entre a admiración e o desacougo. Mais sempre pregoaba a independencia do galego e fuxía de todo inxerimento nil das roseiras portuguesas” (Otero Pedrayo 1969: 19).

Nos escritores portugueses acha os cultismos grecolatinos que precisa, mais non usará nunca unha palabra nin adoptará unha solución morfolóxica que el non considerar plenamente galega; como demostración disto temos as versións que el mesmo realiza de poemas portugueses para o galego, en que desbota calquera forma non contrastada coa súa práctica lingüística habitual.

Por exemplo, en “Canción humilde”, adaptación do poema do mesmo título de Teixeira de Pascoaes<sup>6</sup> (cf. *OC I*, 357-358), alén de modificacións gráfico-fónicas con algunha repercusión morfolóxica (*canção/canción*, *vae/vai*, *chão/chau*, *ramagem/ramaxe*, *céu/ceo*, *tendes o encanto/tédel-o encanto*, *dentro/drento*, *grão/grau*, *Menino/Meniño*), pouco máis fai do que converter *Deus* en *Dios*, castelanismo usado sempre na súa poesía; o propio poeta de Amaranter escribe a Vicente Risco en carta de 5-8-1920: “A tradução da *Canção humilde* mostra bem a pequeníssima distância que existe entre o galego e o português! O português deve tender para o galego e o galego para o português até se tornarem numa só Língua” (en Malato, Notário e Caseiro Nogueiras 2012: 167-169). Alén das infinitas declaracións de unidade espiritual e de irmandade galego-portuguesa por parte de Teixeira de Pascoaes, talvez sexa esta a súa afirmación máis explícita a respecto da unidade lingüística entre galego e portugués. El fica agradecido a Noriega por esa versión, como lle di en carta de 14-5-1921: “Muito me honrou a sua magnífica tradução da *Canção humilde*. Agradeço-lhe verdadeiramente comovido” (en Freixeiro Mato 1994: 75). No outro texto de *Do Ermo* en que adapta un poema portugués, neste caso “¡Bendita sea a luz d’ o día!” de Aquilino Ribeiro<sup>7</sup>, troca as formas do presente de subxuntivo *seja* e *dê* polos dialectalismos *seña* e *dia*, alén de trocar *a água* en *a iauga*, *pão* en *pan*, *alvo* en *branco*, *a lã* e *a chã* (en rima) en *a lan* e *o chan*, *graça* en *gracia*, e *luz* en *lus* (en rima con *Jesús*). Isto é, en ambos os casos altera todo aquilo que non encaixa no seu modelo de galego, sen a máis mínima concesión a un posíbel achegamento ao portugués que nunca defendeu na teoría nin na práctica, salvo aquel insólito e inexplicado caso de “As florinhas dos tojos” xa anteriormente comentado.

#### 4. A competencia de Noriega en portugués

Torna evidente que o poeta mindoniense coñecía ben o galego, mais tamén o portugués, pois lía moito nesta lingua e na súa correspondencia insire con relativa frecuencia expresións e enunciados enteiros nela. Así acontece na carta a Teixeira de 28-12-1921, que comeza da

<sup>6</sup> O poema “Canção humilde” pertence ao volume *Terra Proibida*, publicado en 1899 e cunha segunda edición en 1912.

<sup>7</sup> Na realidade, trátase dunha oración de carácter tradicional e popular que o escritor portugués incluíu no seu romance *Andam faunos pelos bosques*, que Noriega leu e recomendaba ler aos seus amigos (cf. *OC I*, 390-391).

seguinte guisa: “Maestro eminente y Señor mío: Estamos en vacaciones de Natividad, *a alegre quadra do ano em que nos lembramos daquêles que nos são queridos para lhes desejar felicidades no conchego da familia*, y vengo, respetuosamente, a demostrarle que *el Poeta Máximo de la Raza* reina en mi corazón” (OC II, 375). Pouco tempo despois, en carta de 1-2-1922 en que mostra as súas condolencias a Teixeira pola perda do seu pai, Noriega volta a utilizar o portugués nunha citación feita de memoria:

Cuando, años ha, falleció mi pobre madre, recuerdo ahora que un venerable, piadosísimo escritor lusitano, me decía, sobre poco más o ménos: “Lamento ter-lhe sucedido días amargos, como me diz, e oxalá que Deus o premeie dandolhe a reparación dessas horas tristes. A vida tem desses precalços, e o homem crente deve ser como o roble robusto enfrentado as luctas da vida, forte e indomito”. (OC II, 377)

Neste texto, embora breve, áchase lingüísticamente unha corrección e coherencia normativa que supera amplamente a das cartas que intencionalmente na norma lusa dirixían ao mesmo interlocutor Cebreiro, Martínez López, Antón Vilar Ponte ou Joám Viqueira (cf. Álvarez e Alonso Estraviz 1999). Na mesma carta tamén deixa constancia explícita Noriega de que le habitualmente os autores portugueses na lingua orixinaria: “Días ha recibí de Inglaterra libros de versos, en inglés, qe., ¡pobre de mí!, no entiendo, y además, ‘Adoración’, de Leonardo de Coimbra, en portugués –lo leí encantado, saboreando una miel nueva!–, ‘A Sibila Casandra’, en español, de Gil Vicente, y ‘Lira Romántica’ de António Molavinho, en portugués, también”. Noutra misiva de 23-10-1922 mostra igualmente vontade de ler en catalán: “Yo tengo a la mano unas ‘pequeñas Prosas’ de un escritor catalán (Ramón Surinach Sentiés) qe., de veras, son también manjar de dioses. Son de un catalán, repito, y en catalán están escritos. ¿Quiere Vd. que se las envíe? Yo, a fuerza de porfiar, *algo saqué en limpio*, y Vd. acaso traduzca con más facilidad, porque sospecho que ha de saber francés”; nesta mesma carta escribe que “al gran Teixeira de Pascoaes imposible negarle nada, y, aun a trueque de hacer ante Vdes. el más espantoso ridículo, ahí va la versión”, e a seguir reproduce o seguinte cantar: *Ahí té-lo meu corazón / Se o queres matar, ben podes; / Máis olha que vas tú dentro... / E si o matas, tamén morres*. Non se sabe ben se Teixeira lle pedira unha versión en galego ou en portugués, se callar nesta lingua, mais o resultado é híbrido

neste caso; tamén emprega subliñadas as formas *devagarinho* e *mimosinhas*, alén de se despedir cun *Adeusinho, Maestro!* (OC II, 382-384).

Aínda que as cartas de Noriega a Teixeira están todas en español, non é raro acharmos nelas, por tanto, expresións en portugués, como igualmente acontece na misiva de 25-3-1922, onde aparecen subliñadas outras frases e palabras isoladas que tentan seguir a norma lusa ou que mesturan esta coa galega: *un gran acontecimento, A Santa avosinha de nós todos, a ruliña da nossa terra idolatrada, espalhou* etc. (OC II, 380-381). En carta de 11-2-1923 cita dúas expresións que atribúe á pluma de Teixeira: “A Poesia deve ser o Amor e não o Odio!” e “moito papel e tinta”; e logo reproduce varios parágrafos do texto “O bello-poético”, de Gastão França Amaral, que máis tarde publicaría na sección “Letras irmás” que el tiña na revista bonaerense *Céltiga*, onde seleccionaba escritos de autores portugueses e brasileiros que daba a coñecer na súa lingua orixinaria (OC II, 388-389). Álvarez e Alonso Estraviz (1999: 125-127) reproducen unha carta fragmentaria de Noriega a Júlio de Lemos, probablemente, onde o primeiro anuncia unha próxima viaxe a Portugal e utiliza citacións e expresións na norma portuguesa; inclusive introduce o dígrafo <nh> no nome da súa filla:

En Monção visitaré a José Vale (João Verde): *el primer precursor* de nuestra aproximación galaico-Minhota!

“Se um dia passar (me dice en carta ultimamente recibida), se um dia passar em Salvatierra, não esqueça avisar-me... São dois passos até aqui. É só atravessar o Minho e aqui mesmo, após algumas horas de día ou da noite, tem trens para Viana”. Le avisaré, pues, de antemano, para que el Poeta da Raia esté prevenido *não saindo* del pueblo.

El día 14 de Julio y el 15 estaremos ahí, veremos luego de visitar a *Casa da Cruz da Pedra*, e inmediatamente Ud. y yo, *partiremos para Amarante*, dejando a Candidinha bajo la tutela de nuestro Coronel [...]. Y no se puede Ud. figurar cuanto me halagó que el gran purista de la Lengua Portuguesa se sirviese contestarme... “eu só com creaturas isentas d’ esquisiteces, donas d’ espirito e modos simples, naturais, me entendo”.

En carta a Teixeira de 10-5-1923 sobre o mesmo tema da viaxe a Portugal inclusive nun momento determinado muda o código lingüístico, como se estivese a se preparar para o novo escenario lingüístico que o esperaba:

Digo personalmente, porque, Dios mediante, *es un hecho* que voy, pronto, a Portugal. Verá Vd., genialísimo señor: A 15 de Julho (é um Domingo) deverá celebrar-se no Instituto Histórico do Minho uma sessão solene comemorativa daquela data, qe. é a da morte de Rosalia de Castro. Fará uma conferência sobre a autora dos ‘Cantares Gallegos’ o noso consócio Cervaens e Rodriguez, conferencia qe. deve ser primorosa, porque aquêl intelectual sabe, *me dicen*, fazê-las.

Y quieren Silva Campos, el Coronel Sarmiento, y ese *corazón de oro* qe. se llama Julio de Lemos, qe. tomémos parte principalísima en esa fiesta de *amizade luso-espanhola* mi primogénita hija Candida [...]. (OC II, 390)

En carta de 3-6-1923 aínda pon na boca da irmá de Teixeira palabras en perfecto portugués: “Vuestra bondadosísima señora hermana Maria d’ a Gloria, tuvo pa. conmigo la exquisita deferencia de participárme que saliais pa. Madrid, el mismo día qe. salisteis. ‘Meu irmão partiu, ou devia partir –querendo Deus– esta manha para Madrid, onde vae fazer uma conferencia na Residencia dos Estudantes’”; e utiliza expresións como *nuestras paisaninhas* ou *besos da minha filla* (OC II, 392). Na única carta que coñecemos de Noriega a João Verde, de 1-6-1927, dá outra boa mostra de se manexar ben na norma lusitana:

La *abedoeira*, qe. en español se llama abdul o abedul, es una variedad de álamo blanco, árvore de vinte e trinta pés de altura, cuja casca branca se usa pa. tinjir de amarelo roxo; sua madeira tem varias serventias (en Galicia zocas e culheres). Es muy de las montañas de Lugo. Nadie lo cantó en nuestra tierra y en portugués no sé como se llama. (OC II, 426)

Isto é, Noriega Varela domina ben o galego, como demostra na súa produción literaria e en todo o labor de recompilación da literatura e da expresividade popular, mais posúe igualmente coñecementos suficientes do portugués –segundo o visto, máis do que Cebreiro, A. Vilar Ponte, Martínez López ou Viqueira, que o tentaron utilizar nas súas cartas co poeta de

Amarante– como para poder escribir en calquera deses dous códigos a Teixeira de Pascoaes e a outros intelectuais do país veciño con quen tivo correspondencia epistolar (Raul Brandão, João Verde, Vaz Passos etc.). Se optou por utilizar o español foi por decisión persoal vinculada ao seu propio perfil ideolóxico de católico tradicionalista e inimigo declarado do nacionalismo galego (Freixeiro Mato 1992: 101-126), que nos anos 20 o levou a se aliar cos persoeiros máis centralistas da intelectualidade galega e na década de 30 a abrazar a causa antirrepublicana e antigaleguista, para finalmente se posicionar claramente no bando falanxista e franquista após o golpe de estado de 1936 (Freixeiro Mato 2015).

## 5. Conclusión

A interesante correspondencia de Noriega Varela con Teixeira de Pascoaes, de que coñecemos bastantes máis cartas escritas polo primeiro que polo segundo, móstranos a existencia dunha íntima relación de amizade e admiración mutua que, se no caso do poeta de Mondoñedo chega á veneración, no de Amarante tamén revela unha alta estima e valorización da poesía do autor galego, como ben transparece nas misivas daquel con outros intelectuais e escritores da Galiza. Se os que profesan un credo ideolóxico nacionalista ou galeguista se dirixen ao poeta saudosista en galego, ou nun modelo lingüístico que pretende ser portugués mais que presenta bastantes deficiencias, os que non posúen tal ideoloxía fano en español, aínda no caso de seren escritores en galego.

É este o caso de Noriega, que serve de salvoconduto para esoutros autores que empregan a lingua castelá na correspondencia entraren en contacto con Teixeira. O poeta de Mondoñedo demostra na súa obra literaria coñecer ben o galego, mais na correspondencia con Teixeira de Pascoaes, e tamén con outros autores lusos, deixa constancia igualmente de posuír un dominio bastante bo do portugués escrito. Porén, utiliza por sistema o español como lingua da relación epistolar por motivos basicamente ideolóxicos.

## 6. Referencias bibliográficas

- Álvarez, Eloísa e Isaac Alonso Estraviz (eds.) (1999): *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário*. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- (2008): *Eugénio de Castro e a Galiza. Epistolário*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Bartsch, Renate (1987): *Norms of Language. Theoretical and Practical Aspects*. London e New York: Longman.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Carvalho Calero, Ricardo (1989): *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.

- Couceiro Freijomil, Antonio (1929): *Ortografía gallega. Bases para su unificación*. Ourense: Imp. Pap. Relieves “La Popular”.
- Faraco, Carlos Alberto (2002): “Norma-padrão brasileira. Desembaraçando alguns nós”, en M. Bagno (org.), *Linguística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 37-61.
- Fernández Salgado, Benigno (2000): *Os rudimentos da linguística galega. Un estudio de textos galegos de principios do século XX (1913-1936) (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 47)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Salgado, Benigno e Henrique Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, pp. 99-176.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1992): *A cara oculta de Noriega Varela (biografía e textos esquecidos)*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (1993): *Da montaña o corazón (Producción literaria e lingua en Noriega Varela)*. Lugo: El Progreso.
- (1994): “Unha visión das relacións culturais galego-portuguesas nos anos vinte a través da correspondencia entre Teixeira de Pascoaes e Noriega Varela”, *Boletín Galego de Literatura* 11, pp. 71-98.
- (2000): “Noriega Varela, poeta lusófilo”, en J. L. Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 275-299.
- (2015): *A poesía oculta de Filgueira Valverde. Guerra Civil, literatura franquista e galeguismo n’ O Gaitero de Lugo*. A Coruña: Baía Edicións.
- (2017): “As Irmandades da Fala e Noriega Varela. Dous modelos de lingua en confronto”, en J. Beramendi, U.-B. Diéguez, C. Fernández, M. P. García e X. M. González (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, pp. 409-424.
- García Martín, Ana María (2008): “El bilingüismo luso-castellano en Portugal. Estado de la cuestión”, en A. Marcos de Dios (ed.), *Aula bilingüe. Vol. 1. Investigación y archivo del castellano como lengua literaria en Portugal*, Salamanca: Luso-Española de Ediciones, pp. 15-44.
- Ínsua, Emilio Xosé (2016): *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía.
- Irmandades da Fala (1933): *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala*. A Coruña: Imprenta Moret.
- Joseph, John Earl (1987): *Eloquence and power. The rise of language standards and standard languages*. London: Frances Pinter.
- Lázaro Carreter, Fernando (1947): “Los orígenes de las lenguas gallega y portuguesa, según Feijoo y sus polemistas”, *Revista de Filología Española* 31, pp. 140-154.
- Lucchesi, Dante (2002): “Norma lingüística e realidade social”, en M. Bagno (org.), *Linguística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 63-92.
- Malato, María Luísa; María Celeste Notário e Delfin Caseiro Nogueiras (eds.) (2012): *Teixeira de Pascoaes. Vicente Risco (Epistolario)*. Ourense: Fundación Vicente Risco.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- OC = Xosé Ramón Freixeiro Mato (2007 [1994]): *Antonio Noriega Varela. Estudo e edición da obra completa*. Vols. I e II. Lugo: Deputación Provincial.
- Otero Pedrayo, Ramón (1969): “Verbas limiares”, en A. Noriega Varela, *D’o Ermo (Escolma da edición luguesa)*. A Cruña: Real Academia Gallega, pp. 9-21.
- Pascoaes, Teixeira de (1988): *A saudade e o saudosismo (dispersos e opúsculos)*. Lisboa: Assírio & Alvim.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6, pp. 93-121.
- (2014): “A preocupación por unha lingua de calidade: aproximación histórica ao caso do galego nos anos finais do século XIX e nos inicios do XX”, en X. M. Sánchez Rei (ed.), *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña: Baía, pp. 85-149.
- Silveira, Pedro da (1986): “Raul Brandão e ‘As ilhas desconhecidas’. Duas cartas de Noriega Varela a João Verde e os cadernos de notas da viagem pelos Açores”, *Atlântida*, Angra do Heroísmo, XXXII (2º semestre), pp. 25-40.
- Tavares, Manuel e Maria Manuel C. Ricardo (2009): “Breve história do acordo ortográfico”, *Revista Lusófona de Educação* 13, pp. 173-180.
- Verdelho, Telmo (2000): “Uma polémica sobre ‘la lengua lusitana, ò gallega’, no século XVIII”, en J. L. Rodríguez (org.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 759-806.
- Wright, Roger (1991): “La enseñanza de la ortografía en la Galicia de hace mil años”, *Verba* 18, pp. 5-25.